

FERROLTERRA CONTRA O XENOCIDIO

Cos ollos postos en Gaza e no conxunto da Palestina Ocupada

As organizacións, asociacións, sindicatos e colectivos que asinamos este manifesto creemos que en Ferrolterra temos que saír á rúa convocando unha gran manifestación para contribuír dende a nosa comarca a que, o **xenocidio** contra o pobo palestino, tanto en Gaza como en Xerusalén Oriental e a Cisjordania ocupadas, non caia nunha caixa de escuridade e silencio.

Os Estados Unidos, Qatar, Exipto e Turquía, os países que mediaron no mal chamado *“Plan de Paz”* (acordado días antes con Hamas), asinaron o 11 de outubro en Sharm el Sheikh (Exipto), nunha cimeira á que asistiron unha vintena de mandatarios mundiais. Un plan de paz imposto baixo a chantaxe de que, de non ser aceptado, continuaría o baño de sangue e a destrución da Gaza asediada e bombardeada. Mais un *“plan de paz”* que ao menos contemplaba un alto ao fogo, a entrada de axuda humanitaria e un intercambio de reféns, vivos e mortos.

O Consello de Seguridade da ONU adoptou unha resolución sobre Gaza, que foi rexeitada pola resistencia palestina, cualificándoa de *“instrumento de tutela e complicidade internacional co exterminio da poboación da Palestina”*. Mesmo a relatora especial de Nacións Unidas, Francesca Albanese, manifestaba que a resolución viola o dereito á autodeterminación do Pobo Palestino ao tempo que consolida a presenza ilegal de Israel nos territorios ocupados. Esta resolución adoptada o 17 de novembro, acadou 13 votos a favor e dúas abstencións, de Rusia e China, que non quixeron participar na votación, ante o fracaso do seu intento de modificar a proposta de resolución, para que concordase co dereito internacional e as resolucións de Nacións Unidas, e por considerar que está condenada ao fracaso, mais que non a vetaron, por contemplar a necesidade de facilitar a entrada de

axuda humanitaria e o alto o fogo, e a petición de apoio da Autoridade Nacional Palestina e o grupo de países árabes.

Manifesta a relatora da ONU que en vez de preparar o camiño para acabar coa ocupación, a resolución corre o risco de consolidar o control externo sobre a gobernanza, as fronteiras, a seguridade e a reconstrución de Gaza. Nese sentido, afirma que *"a resolución traizoa ao pobo que afirma protexer"*.

A resolución, segundo a experta de Nacións Unidas, consolida os desequilibrios de poder ao establecer un mandato que *"se centra case exclusivamente en desarmar os grupos armados palestinos **sen facer nada para acabar coa causa fundamental da violencia: o asedio ilegal, a ocupación, a segregación racial e o apartheid, e a limpeza étnica continuas por parte de Israel**"*.

Por outra banda, Albanese afirmou que *"non é legal" crear "unha forza militar que responda a unha chamada 'Xunta de Paz' presidida polo presidente dos Estados Unidos, unha parte activa neste conflito que proporcionou continuamente apoio militar, económico e diplomático á potencia ocupante ilegal"*.

"É un intento descarado de impoñer, mediante a ameaza continua da forza contra unha poboación practicamente indefensa, simplemente os intereses dos Estados Unidos e de Israel. En esencia, deixará Palestina en mans dunha administración monicreque, asignando aos Estados Unidos, que son cómplices do xenocidio, como o novo administrador da prisión ao aire libre que Israel xa estableceu".

Albanese lembrou que a Corte Internacional de Xustiza é clara: **a autodeterminación é un dereito inalienábel do pobo palestino**, e a ONU e todos os estados teñen a obriga de axudar na súa realización.

"Isto só pode comezar coa retirada inmediata e incondicional da presenza ilegal de Israel no territorio palestino ocupado. Substituír un administrador abusivo por outro, non é autodeterminación, é ilegal. Marxinalizar o dereito internacional fai que a ONU sexa cómplice, socava a Carta das Nacións Unidas e só pode levar a unha intensificación da carnicería humana".

Aínda que o goberno sionista e o exército israelí, e o os gobernos que os apoian, tentan evitar que se difundan os seus crimes, somos testemuñas do exterminio metódico que practican contra tódalas persoas, por medio de bombas e balas, por fame e por falla de asistencia médica, por destrución de tódolos servizos e infraestruturas que permiten a vida.

Así, Médicos sen Fronteiras aseguraba que xa eran 366 os palestinos asasinados durante o Alto o Fogo, deles ao menos 67 nenos e nenas, o que supón unha media de dúas crianzas por día. E máis de 900 persoas feridas.

- Hai evidencias de que prisioneiros mortos baixo custodia israelí, presentaban sinos de tortura e violencia física.
- Cisjordania vive un reponte da violencia dos colonos e tropas israelís, a cifra máis alta de ataques dende que hai rexistros.
- Israel deixou pasar só un termo medio de 145 camións de axuda humanitaria diarios, fronte aos 600 pactados no acordo de "Paz".
- O 92 % das vivendas de Gaza foron destruídas ou danadas. A poboación ten que refuxiarse en tendas de campaña, moitas improvisadas con retallos, que non protexen do frío e das choivas.
- Nas últimas riadas desapareceron máis de 22.000 tendas de campaña.
- Apenas deixaron entrar 5.420 tendas de campaña das 190.000 previstas no acordo.

- A destrución sistemática de hospitais, centros de saúde e ambulancias, deixou a poboación sen unha cobertura sanitaria mínima.
- Estímase que só están dispoñíbeis o 10% das medicinas necesarias.
- Hai tamén escaseza de electricidade, combustíbel, equipos e persoal sanitario, nos deteriorados hospitais que quedan en pé.
- Israel asasinou a máis de 1.700 profesionais da saúde e 362 están detidos ou desaparecidos.
- Máis de 16.000 doentes agardan para saír a recibir tratamento urxente. Moitos son nenos con queimaduras severas, feridas de metralla, lesións de columna, cancro , traumatismos craniais, bebés prematuros... .
- Hai máis de 170.000 feridos en Gaza, moitos amputados e con queimaduras graves con escaseza de calmantes e antibióticos.
- A atención traumatolóxica colapsou, dáse prioridade as amputación para salvar vidas sobre a conservación de extremidades, os doentes son dados de alta moi cedo pola falta de camas, e as feridas inféctanse pola falta de antibióticos.
- A severa situación de desnutrición afecta a máis de medio millón de persoas, agravándose en embarazadas, lactantes e nenos pequenos.
- Máis de 2 millóns de persoas necesitan apoio no ámbito da saúde mental.
- Os embarazos de alto risco duplicáronse.
- A maior parte da poboación consume auga contaminada e salinizada.
- As augas residuais polas rúas e o lixo acumulado favorecen as colonias de insectos e roedores portadores de enfermidades

transmisíbeis coma a malaria, hepatites, enfermidades intestinais, respiratorias, disentería, diarreas... .

► Debilitamento do sistema inmunolóxico debido a desnutrición e a falta de vacinas.

► As condicións de amoreamento da poboación e a dificultade para manter unha adecuada hixiene persoal favorece a aparición de casos de sarna, piollos, dermatites, fungos , alerxias... .

► O Ministerio de saúde de Gaza rexistrou 337 casos de meninxite no ano 2025.

► Entre as enfermidades que supoñen un risco para os menores en Gaza se reportou o primeiro caso en 25 anos de poliomielites dun neno de 10 meses.

► Israel devasta deliberadamente o medio ambiente de Gaza, mata tódolos elementos da vida, terras agrícolas arrasadas, o mar contaminado, os acuíferos envelenados, no aire o material particulado deixado polas bombas, tem aumentado as enfermidades respiratorias... un auténtico ecocídio.

► Gaza está cuberta por uns 61 millóns de toneladas de entullos, moitos dos cales conteñen amianto, metais pesados, munición sen explotar e restos humanos sen enterrar.

► Estímase que aínda quedan unhas 10.000 persoas sepultadas baixo o entullo.

O obxectivo do Estado sionista e o dos seus patrocinadores aliados é claro: **matar ate anular a resistencia dos habitantes de Gaza e provocar que abandonen o seu territorio para ser ocupado por Israel.**

Esta política criminal só pode levarse a cabo co apoio directo e incondicional dos Estados Unidos, da OTAN, da Unión Europea e doutras potencias. Por iso é tan importante que en todo o mundo aumenten as mobilizacións e as accións de denuncia do xenocidio e de solidariedade activa co pobo palestino.

Temos que ser moitas máis persoas nas mobilizacións, ter así moita máis forza para premer e lograr que o Goberno Español e a propia Unión Europea, rachen todo tipo de relacións e vínculos co estado sionista e procedan a aplicarlle sancións económicas e un boicote total.

Debemos esixir que a ONU tome medidas eficaces para obrigar a Israel a que cese de inmediato no ataque militar constante en toda Gaza, que provocou xa máis de 70.000 persoas mortas, das que máis dun terzo son nenos e nenas; e que ao mesmo tempo asegure que lle chegue xa á poboación os medios para o refuxio, a alimentación e a asistencia sanitaria que precisa con urxencia.

Facemos nosas as conclusións do *Xurado de Conciencia do Tribunal de Gaza*, reunido en Istambul o pasado mes de outubro, onde se analizou a situación do pobo palestino, e nas súas conclusións e declaración final aseguran que o xenocidio trae preocupación e consecuencias para toda a humanidade e a denuncia de que o trauma físico e psicolóxico da poboación sobrevivente transmitirase de xeración en xeración.

O xurado considera que o xenocidio en Gaza ten varias características excepcionais. Está perpetrado contra unha poboación cativa nun territorio pequeno e pechado, onde Israel controla todos os puntos de entrada e saída. É sistemático e lévase a cabo coa tecnoloxía máis avanzada.

Queremos defender nas rúas de Ferrol, nunha grande mobilización comarcal as recomendacións do Xurado de Conciencia por Palestina; da

relatora especial de Nacións Unidas; os acordos do grupo d'A Haia; as demandas do movemento internacionalista de solidariedade coa Palestina e os dereitos inalienábeis do Pobo Palestino:

- **Garantir** un alto o fogo real, total, inmediato, permanente e a inmediata **retirada** do exercito israelí.
- **Abrir** un corredor humanitario se restricións e deixar pasar toda a axuda humanitaria que se precise, así como maquinaria pesada, camións, combustíbel, xeradores, depuradoras, hospitais de campaña, desalgadoras, potabilizadoras, ... Todo o necesario para a reconstrución da vida en Gaza.
- **Garantir** un refuxio adecuado a todas as persoas que o necesiten, auga, alimento, abrigo e atención sanitaria.
- **Facilitar** a evacuación de todas as persoas que necesiten unha atención sanitaria que non se lle pode facilitar dentro de Gaza, dado que foi case totalmente desbastado o seu sistema de saúde.
- **Romper** todo tipo de relacións diplomáticas, académicas, económicas, deportivas e culturais con Israel.
- **Facer efectivo e total** o embargo de armas a Israel, incluíndo venda/compra e calquera tipo de colaboración militar ou de seguridade.
- **Poñer fin** á impunidade e garantir a responsabilidade. Ningún crime pode quedar impugne é por iso que os crimes de guerra e crimes de lesa humanidade que inflixiu o exercito sionista teñen que ser xulgados.
- **Responsabilizar** a todos os responsábeis (políticos, militares, económicos e ideolóxicos), os autores, partidarios, facilitadores e cómplices por todos os medios legais e na máxima medida da lei.
- **Reparar** os danos causados ás infraestruturas, vivendas, danos físicos e psicolóxicos que inflixiu e segue inflixindo o estado israelí en Gaza e no resto da Palestina ocupada.

- **Cesar** inmediatamente calquera actividade nova de asentamento e evacuar a todos os colonos do Territorio Palestino Ocupado.
- **Suspender** a Israel das organizacións e institucións internacionais, en particular das Nacións Unidas e as súas axencias afiliadas.
- **Apoiar** a aplicación dos mandatos de xurisdición universal, segundo corresponda dentro dos marcos legais e xudiciais nacionais, para garantir a xustiza para as vítimas de crimes internacionais cometidos no territorio palestino ocupado.
- **Respectar e facer efectiva** a Resolución A/RES/Es-10/24 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, aprobada o 18 de setembro de 2024, que avala a opinión consultiva da *Corte Internacional de Xustiza* de xullo de 2024 e os compromisos dos Estados membros de cumprir as obrigas derivadas do dereito internacional tal e como se reflicten na opinión consultiva e **aplicar** as medidas provisionais emitidas o 26 de xaneiro, o 28 de marzo e o 24 de maio de 2024 e **apoiar** as solicitudes da *Corte Penal Internacional* e **cumprir** coas obrigas en virtude do Estatuto de Roma con respecto ás ordes de detención emitidas o 21 de novembro de 2024 contra o primeiro ministro israelí, Benjamin Netanyahu, e o seu exministro de Defensa, Yoav Gallant.
- **Condenar** as ordenes executivas de Donald Trump que impoñen sancións contra o fiscal da Corte Penal Internacional, Karim Khan, e outros membros , incluídos varios xuíces, funcionarios, empregados e axentes da Corte Penal Internacional, así como os seus familiares inmediatos e tamén contra a propia relatora da ONU, Fransceca Albanese.
- **Apoiar** as campañas de Boicote, Desinvestimento e Sancións (BDS).
- **Condenar e acabar** co xenocidio, o apartheid, o colonialismo, o sionismo e a ocupación.

Gaza e o conxunto da Palestina ocupada, non necesita un “Plan de Paz” elaborado polos cómplices e colaboradores necesarios do Xenocidio, senón que **necesita un Plan de Descolonización e unha Palestina libre**, onde o Pobo poda exercer o seu **dereito de autodeterminación**.

Viva Palestina Libre!

Desde o río ate o mar, Palestina Vencerá!

MANIFESTACIÓN COMARCAL CONTRA O XENOCIDIO

Cos ollos postos en Gaza

Domingo 21 de Decembro, ás 12 do mediodía

Saída desde a Praza Amada Garcia (diante Edificio da Xunta)

Concentración e acto final na Praza do Hinno Galego (Esteiro)

Solidariedade coa Palestina Ocupada!

Promoven e convocan: Plataforma Sanidade Galega con Palestina e Federación de ANPAs de centros Públicos de Ferrolterra.

Apoian e convocan: Asociación Cultural Fuco Buxán, Asociación Galega contra o Maltrato a Menores – AGAMME, Asociación Sociocultural Muíño do Vento, CCOO CGT, Colectivo Ferrol con Palestina, Colectivo Sociocultural A Revolta de Trasancos, Mulheres Nacionalistas Galegas, ...

Faltan por confirmar: Associação Cultural Artábria, BNG, Coordinadora Galega de Solidariedade coa Palestina, Esquerda Unida, CIG, Marcha Mundial das Mulheres, Ferrol en Común, PSOE, Ateneo Ferrolán, Asociación Cultural Medulio, Colectivo Terra, asociacións veciñais, ... outras.